

25 de
novembro

Día Internacional para a eliminación
da violencia contra as mulleres

Secretaría Confederal da Muller
Confederación Intersindical Galega

Alfonso Molina s/n, 8ª planta Edificio sindical
15008 A Coruña
Teléfonos: 981 16 92 93 (centraliña)
981 900 633 (directo)
Fax: 981 151 539

Correos:
muller.mocidade@galizacig.net
tecnica.igualdade@galizacig.net



A crise xera máis violencia contra as mulleres



Día Internacional para a eliminación
da violencia contra as mulleres



A crise xera máis violencia contra as mulleres

A CRISE económica está a agravar aínda máis a desigualdade que existe entre mulleres e homes. As solucións que os distintos gobernos están a pór en marcha, reducindo os salarios, facilitando o despedimento nas empresas e recortando prestacións sociais e laborais, afectan de xeito singular ás mulleres, contribuíndo ao aumento da violencia de xénero. Porque aínda que a violencia contra as mulleres non está relacionada cunha clase social concreta, non é exclusiva de situacións de pobreza e de falta de recursos económicos, non é menos certo que en momentos de crise medra a tensión social e se agudiza a xerarquización de poder duns poucos sobre a maioría.

Xa que logo, non só medra a violencia dentro da estrutura familiar, senón que esta salpica ao mundo do traballo. Medra a presión exercida sobre as mulleres que pretenden compatibilizar as súas responsabilidades familiares co seu posto de traballo, e tamén nas traballadoras embarazadas. Denéganse permisos recoñecidos na lexislación e sométese ás traballadoras a verdadeiras situacións de acoso para que non reduzan ou flexibilicen a súa xornada. E aquelas que pretenden acceder ao mercado de traballo teñen que

enfrentarse ademais con discriminacións por estar en idade fértil ou por ter cargas familiares.

Ou acaso non é violencia de xénero as altas cifras de desemprego, a precariedade laboral, os traballos sen contrato, a temporalidade, o traballo a tempo parcial e a desigualdade laboral que padecen as mulleres? Porque se ben o comezo da crise afectou fundamentalmente a todo aquilo relacionado co estoupido da burbulla inmobiliaria e a crise da industria da automoción, posteriormente a contracción da demanda de man de obra alcanzou singularmente ao sector servizos, onde se empregan maioritariamente as mulleres, o cal fixo que as cifras de paro feminino subisen de xeito significativo.

E a pesar de que somos a metade da poboación, constituímos menos da metade da poboación activa, e aínda así, case a metade da poboación en paro. Sumamos menos da metade da persoas que traballan a tempo completo e das persoas beneficiarias da prestación contributiva de desemprego, e cando a percibimos facémolo durante menos tempo e menor contía. Pero somos maioría no traballo a tempo parcial e maioría na proporción de persoas inactivas que non perciben pensión ningunha. A isto hai sumarlle os

períodos de inactividade relacionados coa maternidade e o coidado de dependentes. Tamén temos unha maior presenza ca os homes na economía somexida, coa ausencia de dereitos laborais e sociais que isto implica.

Mais ante isto, o Goberno decide poñer en marcha unha reforma das pensións que afecta singularmente ás mulleres, atrasando a idade de xubilación e alongando o período para o cálculo das pensións, dificultando o acceso das mulleres a estas e reducindo a súa contía, xa que as mulleres cotizan menos anos por mor da precariedade laboral ou ben por interrupcións ou diminucións da cotización derivadas do exercizo da maternidade e da conciliación. E, por outra banda, pon en marcha medidas neoliberais de reestruturación económica baseadas en plans de austeridade que afectan particularmente ás mulleres, ao termos unha maior representación no sector público (como traballadoras do ensino, a saúde e nos servizos sociais) sendo este un dos máis afectados polos recortes, e por sermos as que máis acusaremos os propios recortes de servizos públicos e prestacións sociais, substituíndo, por tanto, o recorte no gasto público mediante o noso traballo invisíbel e non remunerado no ámbito do fogar.

A actual crise perpetúa e agudiza a nosa presenza secundaria e sobreexplotada no mercado de traballo, supostamente xustificada pola nosa responsabilidade polos coidados da xente que nos rodea. As respostas dos gobernos central e galego non só se amosan indiferentes a reverter esta tendencia, senón que devolven certas tarefas reprodutivas, que foran asumidas polo estado, ás mulleres, o cal seguirá a ser a escusa para nos situar unha vez máis fóra do mercado laboral. Ese é o círculo vicioso que se potencia por parte do capitalismo e a clase política que o xestiona: xustificar a nosa media entrada no mercado laboral pola nosa saída a medias do fogar e viceversa. Todo isto por mor do avance sen tregua dun capitalismo baseado na lóxica da acumulación e do beneficio económico e que non inclúe a vida e o seu coidado nas súas ecuacións incomprensíbeis.

As mulleres non imos pagar esta crise por máis tempo. Erguémonos en loita polo emprego, polos salarios xustos, polos servizos públicos, por un modelo novo, xusto e solidario, e reivindicamos políticas de prevención e actuación fronte a violencia de xénero. Porque non imos permitir que a crise xere máis violencia contra as mulleres.

CRISE